



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CONFEDERACIÓN GALLEGA DE ORGANIZACIONES DE MAYORES (COGAMA) PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA O EXERCICIO 2021.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Confederación Gallega de Organizaciones de Mayores (COGAMA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social para o financiamento das actividades dirixidas ós maiores que desenvolve COGAMA.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, ten entre as súas funcións e competencias ás relativas á atención das persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Neste eido, correspóndelle a planificación xeral dos servizos sociais coordinando a súa actuación coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de atender de forma ordenada e global as necesidades, render os recursos dispoñibles e garantir a calidade na prestación de servizos.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste programa, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato o Sector Público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

